

Actividades para proxectos | Bloque 1: seguridade na rede e pensamento crítico na era dixital.

Primaria: 6 a 12 anos

Non te fíes. ¡Noticias falsas!



DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Os estudantes investigan sobre as noticias falsas (*fake news*) e aprenden algúns trucos para diferenciar as noticias falsas das verdadeiras. Despois, gravan vídeos contando noticias e compártenos no TwinSpace. Máis tarde, organízase un encontro virtual cos socios e os estudantes xogan a descubrir que noticias, das que gravaron, son falsas. Por último, os socios crean un cartel colaborativo con consellos para descubrir que noticias na rede son falsas.

OBXECTIVOS DA ACTIVIDADE

- Achegar ó alumnado a importancia de comprobar as noticias que aparecen nas redes sociais ou Internet.
- Analizar as características dos bulos e noticias falsas e as posibles repercusións que estas poden ter no seu contorno.
- Fomentar a creatividade e o traballo colaborativo.

COMPETENCIAS CLAVE E TEMAS TRANSVERSAIS

- Competencias sociais e cívicas
- Competencia dixital
- Comunicación lingüística
- Aprender a aprender
- Educación do consumidor
- Educación para os medios de comunicación

CONTIDOS CURRICULARES

- Uso das TIC de modo eficiente e responsable para a procura de información e presentación das súas producións.
- Busca de información na rede.

ASPECTOS INCLUSIVOS

O alumnado traballa en equipos. Para aqueles estudantes que poidan necesitar máis apoio, propónse unha metodoloxía de axuda entre iguais.

PRODUTOS/ RESULTADOS ESPERADOS

- Vídeos con noticias falsas e outras verdadeiras.
- Carteis con consellos para desenmascarar as noticias falsas.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

PREPARACIÓN PREVIA

Fase 1. Preparación da páxina principal e subpáxinas.

Os docentes crean catro páxinas dentro do TwinSpace:

A primeira páxina contén información sobre a planificación do proxecto. Poden crear subpáxinas para os obxectivos e contidos, a temporalización, os resultados esperados, etc. A segunda páxina alberga as autorizacións das familias de toma de imaxes e gravación dos menores.

A terceira páxina, chamada «vídeos con noticias», serve para que o alumnado comparta todos os vídeos creados por eles.

Na última páxina compártese a avaliación da actividade.



Titorial: [Como crear unha páxina de actividades](#)

TwinSpace

Fase 2. Preparación de reunións en liña.

Os docentes programan unha reunión en liña para que os socios compartan os vídeos que gravaron.



Titorial: [Como crear un evento en liña](#)

POSTA EN PRÁCTICA

Fase 1. Debate sobre as noticias falsas. (1 sesión)

O docente inicia a sesión formulando algunhas cuestións para debater na clase: ¿Sabedes que é unha noticia falsa ou *fake news*?, ¿escoitastes ou recibistes algunha por redes sociais?, ¿como averiguastes que era falsa? ¿como te sentes cando te enganan?

Comentado [LG1]: Lo he añadido. Es mejor incluir sujeto y decir quién tiene que hacer las cosas: docentes o estudiantes.

Comentado [TV2R1]: Gracias!

Comentado [LG3]: ¿Foto?

Comentado [TV4R3]: Vale

Despois o profesor amosa os seguintes vídeos con información sobre as noticias falsas:



O docente agrupa o alumnado en equipos de tres ou catro persoas e dálles unha noticia falsa para que analicen as súas características.

[Nesta páxina de Internet segura for Kids](#) pódense descargar noticias falsas para analizar.



Fase 2. Creación dos vídeos de noticias. (3 sesións)

O docente reparte o alumnado por equipos, tendo en conta a aqueles estudantes que poidan presentar dificultades para poñelos con compañeiros que lles poidan axudar.

Cada equipo decide se crea unha noticia verdadeira ou falsa, redacta un pequeno texto e gravan a noticia.

Comentado [LG5]: Limitar los miembros, ¿de 3 o 4 personas?

Comentado [TV6R5]: ok



Las noticias en





Para gravar os vídeos, os estudantes precisan unha vídeo cámara, un teléfono móbil, unha tableta ou similar.

Máis tarde, os docentes comparten os vídeos na páxina «vídeos con noticias» do TwinSpace.

TwinSpace

Fase 3. Reunión en liña cos socios do proxecto para visionar os vídeos. (1 sesión)

Os docentes programan unha reunión no TwinSpace.

Primeiro un grupo amosa o vídeo que gravou previamente e pregúntalle ós socios se cren que a noticia é falsa ou verdadeira.

Despois o segundo grupo amosa o seu vídeo, e así sucesivamente.



Suxestión: se os docentes contan coas autorizacións de gravación dos estudantes, poden gravar a videoconferencia ou facer capturas de pantalla e compárteno nunha páxina do TwinSpace para amosar evidencia da reunión.

Para rematar a sesión, os docentes pregúntalle ós estudantes qué características teñen as noticias falsas, qué pistas poden axudar á hora de detectalas e qué consellos poden ofrecer ás persoas que reciban un bulo polas redes sociais e escribenas nun documento de texto.



Fase 4. Mural colaborativo de consellos para descubrir noticias falsas. (2 sesións)

Os docentes reparten os consellos que se apuntaron durante a videochamada entre os centros participantes, crean un Genially colaborativo en liña ou unha ferramenta similar e insértano nunha páxina do TwinSpace.

TwinSpace

Os estudantes de cada clase ilustran os consellos que lles tocaron e os docentes compártenos na páxina do TwinSpace.



Comentado [GG7]: Quizás propondría para que el alumnado trabaje más claramente en equipos internacionales e interactúen más, que los alumnos de un centro ilustren los consejos de otro centro de manera correlativa, en lugar de los suyos propios. Ejemplo: los del centro de España ilustran los consejos de Grecia, los de Grecia ilustran los consejos de Portugal y Portugal los de España.
;)

AVALIACIÓN

Cuestionario en liña. (1 sesión)

O docente crea un cuestionario en liña para o alumnado con preguntas sobre o proxecto e comparten o enlace dentro da páxina do TwinSpace. As preguntas poden ser: ¿Sabes o que son as noticias falsas?, ¿cres que podes identificalas mellor que antes?, etc.



O docente comparte os resultados do cuestionario analízaos. Publica esta información na páxina do TwinSpace.

DIFUSIÓN

Pódese difundir a actividade compartindo o enlace do TwinSpace nas redes sociais que teña o colexio (Facebook, Instagram, Twitter, etc.) ou na páxina web ou no blog do centro. Tamén se poden compartir os resultados nas xornadas de Internet Segura que acostuman ser a primeira semana de febreiro.

FERRAMENTAS DO TWinspace / FERRAMENTAS 2.0 EXTERNAS

TwinSpace: páxinas, materiais, reunións en liña e membros.



Outras ferramentas:

Ferramenta para crear un mural colaborativo: [Genial.ly](https://www.genial.ly).

<<https://www.genial.ly/es>>

Comentado [GG8]: También se pueden dar a conocer los consejos sobre noticias falsas en alguna emisora de radio local y/o periódico digital local donde se hagan eco del proyecto y su relación con los medios de comunicación. ;)